



Antía Neira Castro

Vai de mulleres...

Principais problemas das mulleres [galegas] no Mundo:

"A situación de moitas das nosas avoas, e nais que tiveron que cambiar a súa lingua para aparentar seren quen non eran, por presión dun patriarcado que agora as culpa do estado da lingua".

Esquecida

A ela non se lle pasaba pola cabeza o que en realidade ía suceder días despois, entrementes o seu corpo non podía evitar sentilo. Levaba xa moitos anos aguantando berros, palizas. En definitiva, dor, moita dor. Sufrimento. Pero non, non pensaba niso; ou por un mecanismo extraño destes que moven o mundo, evitaba pensar. Total a situación non lle permitía tomar iniciativas, non existían verdadeiras solucións para saír da súa terrible espiral.

Darse conta do que lle ía suceder sería demasiado duro. Angustiada, mais acostuada a esa anguria, deixábase levar. Non había posibilidade de saída, porque estaba soa. E é que ninguén ou pouca xente eran quen de predicir (e evitar) as atrocidades que se ían cometer.